

A CONVOCATORIA DE FOLGA DE 24 HORAS DO 8 DE MARZO É PLENAMENTE LEGAL tras ser rexistrada así por diversas organizacións sindicais en Galicia, entre elas a CUT.

- ↑ **Por que facer folga?** Os movementos feministas do país, incluído o sindicalismo feminista, queren evidenciar que se as mulleres paran a vida para. Facemos folga para visibilizar o noso poder sobre o sistema e unírnos en combate contra todas as violencias machistas e capitalistas. A folga realízase no plano laboral, estudantil, de coídados e de consumo.
- ↑ **Debo avisar á empresa se vou á folga?** Nunca. Se a empresa che pregunta non tes que responder e, en determinados supostos, podería entenderse como coaccións.
- ↑ **A empresa pode tomar represalias contra min?** Non, o da folga é un dereito fundamental.
- ↑ **Entón, que consecuencias ten?** Descontaranse as retribucións dese día e a parte proporcional das gratificacións. Non se desconta a parte proporcional das vacacións nin festivos nin do descanso semanal nin o plus de asistencia e puntualidade.
- ↑ **Poden substituírme?** En ningún caso! En caso de suceder, ponte inmediatamente en contacto con nós
- ↑ **Como sei se estou dentro dos servizos mínimos?** Teñen a obriga de comunicarcho. Só se Impoñerán servizos mínimos nos servizos públicos esenciais aínda que é común que sindicatos e Administración non teñamos o mesmo criterio. En caso de formar parte deles, deberás ser avisada e a túa asistencia ao traballo será obrigatoria.
- ↑ **Se son home, podo sumarme á folga?** A CUT rexistrou folga só para mulleres. Desde a Secretaría de Mulleres animamos aos homes que queiran solidarizarse coas compañeiras en folga a ceder parte do seu salario para contribuír aos gastos das folgulistas.